

A REVISTA DA
BIBLIOTECA

XULLO AGOSTO
SETEMBRO 2026

Nº 70

ABRACADABRA

ECLIPSANDO O CEO

PASATEMPOS

CÁMARA ESTONOPEICA

QUE HAI DE NOVO...



Deputación
DA CORUÑA

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL



Eclipsando o ceo



Comprobar o tempo que vai facer, asegurarse de que o reloxo estea perfectamente en hora, escoller coidadosamente o lugar para evitar aglomeracións pero asegurándose de ter boa visibilidade, medir o tempo que leva chegar ata o lugar de visionado tendo en conta o transporte (en caso de non poder ir andando), escoller o percorrido máis adecuado para evitar atascos e multitudes,... Que máis?... Ola!!! Que tal estades? Eu con mil proxectos para este verán. Agora mesmo estaba a facer unha listaxe para garantir que non me perdo a eclipse do día 12 de agosto. Ademais, será unha eclipse total!!! E poderemos velo desde aquí! Así que estou a tomar todas as medidas necesarias para non perdermo.

E non, non estou a esaxerar. É un gran acontecemento!!! Analicémolo por un instante. Antes de nada, en que consiste exactamente unha eclipse solar? Pois é cando a Lúa se coloca entre o Sol e a Terra e oculta, total ou parcialmente, ao Sol. Todo isto, por suposto, visto desde a Terra. Así, desde o punto de vista do observador (isto hai que aclaralo sempre desde a teoría da relatividade de Einstein) temos tres tipos de eclipses de sol: os parciais, nos que a Lúa non chega a tapar de todo ao Sol; os anulares, que é cando a Lúa non chega a cubrir de todo o Sol, a pesar de ter os seus centros completamente aliñados, véndose coma se fose un anel de lume. Isto prodúcese cando a eclipse sucede nun momento no que a Lúa está na súa órbita máis afastada da Terra e por tanto parece máis pequena. E, para rematar, os totais, como o que veremos este agosto, que é cando a Lúa tapa completamente ao Sol. Isto non é ningunha nimiedade. De feito, temos a gran sorte de que se dean as condicións pouco probables e exactas para que este feito insólito poida suceder. Que a que me refiro? Pois, a que, aínda que a Lúa é unhas 400 veces máis pequena que o Sol, está situada, adiviñades? Si! unhas 400 veces máis preto da Terra!, o que fai que, desde a Terra, ambos os astros parezan ter aproximadamente o mesmo tamaño. Se isto non fose así sería imposible que puidésemos observar eclipses de sol totais. E, isto non é todo. Tamén tivemos a gran sorte de vivir nesta época para poder contemplalos, porque as eclipses solares totais non se poderán ver sempre. A órbita da Lúa, segundo a NASA, crece sobre 3.8 cm cada ano o que provoca que se vaia afastando e cada vez a vexamos máis pequena. Isto implica que dentro duns 600 millóns de anos as eclipses solares totais desaparecerán para sempre.



E agora imos ao gran. O 12 de agosto terá lugar a primeira eclipse total de Sol visible desde a península, flipade, en máis dun século!!! E, nela, o lugar onde primeiro será visible é en Galicia. Agora collede algo para apuntar que isto é importante: na Coruña comezará ás 19.31h e finalizará ás 21.22h sendo o seu máximo, é dicir, cando a Lúa tapará por completo ao Sol, ás 20.28h. Se non ides estar na Coruña cidade podedes consultar as táboas cos horarios, por municipios, no Portal de Astronomía e Desenvolvemento Tecnolóxico do Instituto Xeográfico Nacional, así como o mapa elaborado pola Xunta de Galicia (se ides estar en Galicia).



Ah!!! Que non se me esqueza. Lembrede ter máxima precaución. Non miredes ao Sol directamente (isto nunca, haxa ou non haxa eclipse), nin sequera con lentes de sol normais. Para a observación utilizade lentes para eclipse con certificación ISO 12312-2 ou utilizade métodos de observación indirecta como a proxección cunha cartolina con buraco (o que é unha cámara estenopeica) ou velo a través da retransmisión en directo. E, a desfrutalo!!!

De todos os xeitos, se por algún motivo o perdedes, a próxima eclipse solar total visible en España terá lugar o 2 de agosto de 2027 e, o 26 de xaneiro de 2028 haberá un anular. Despois, aquí non haberá outro total ata 2053. Así que xa sabedes, ide preparárvos.

Teño que mirar tamén cando haberá eclipses de Lúa... Anotado. Vémonos no próximo número!!!



PASATEMPOS



Aquí vos deixamos os chistes que nos fostes contando esta tempada:

- ¿Cuántas anclas tiene un barco, Jaimito?
- Once.
- ¿Por qué once?
- Porque siempre dicen: eleven anclas.



- ¿Sabes cómo se dice misterio en chino?
- Chan chan chan chaaán

- Iba a contar un chiste sobre sodio... pero Na.

- ¿Por qué vas tan elegante al instituto?
- Porque tengo clase

- Dos vascos a la salida de un examen de matemáticas.
- Oye, Iñaki, ¿a ti que te dio el segundo problema?
- ¿A mí? Infinito.
- ¿Solo?

- El mes pasado contraí matrimonio.
- Contraje.
- ¡Claro, tenía que ir formal!



E agora, a ver se sodes quen de atopar 7 diferenzas:




Tamén vos propoñemos que atopedes 5 astros escondidos na seguinte sopa de letras:


A	E	F	G	H	I	X	K	L	M
T	S	R	A	L	E	R	T	S	E
E	A	T	T	I	T	A	B	C	S
D	T	A	E	W	I	Z	U	N	A
L	E	C	N	R	O	S	P	I	K
A	L	E	A	C	O	M	E	T	A
R	I	T	L	A	B	I	Q	U	V
U	T	A	P	I	G	O	D	L	A
N	E	F	O	R	A	K	I	E	D
I	M	E	Ñ	A	H	I	R	O	X

E, para darlle un pouco aos miolos, aquí vos deixamos unha pequena adiviña:

Que hai entre o ceo e a terra?



Cámara estenopeica



Necesitas

- Caixa de cartón (ex: unha caixa de zapatos)
- Un anaco de papel de aluminio.
- Cinta adhesiva.
- Tesoiras.
- Cúter.
- Unha folla de papel ou cartolina branca.



Paso a paso

Recortamos a folla de papel segundo o tamaño dun dos laterais da caixa e pegámola con cinta adhesiva.

Na parede de en fronte da caixa facemos un buraco que taparemos co papel de aluminio (fixámolo á caixa coa cinta adhesiva) e facemos nel un pequeno orificio cunha agulla ou un escarvantes. Canto máis pequeno o buraciño máis resolución. Na mesma parede na que puxemos o papel de aluminio faremos outro buraco que será por onde veremos a eclipse (separar ambos os orificios un pouco).

Para rematar pechamos a caixa e comprobamos que o único sitio por onde entra luz é o buraciño no papel de aluminio. E xa temos o noso visor para a eclipse.



Como funciona?

Situámonos de costas ao sol e miramos polo orificio recortado para iso. Teremos que mover a caixa ata que vexamos un punto de luz proxectado sobre a folla branca (ese punto é o Sol). A luz entrará polo pequeno orificio feito no papel de aluminio (estenopo) proxectando na folla branca a imaxe do exterior, é dicir a eclipse, que veremos a través do outro buraco. Ao non mirar directamente a luz solar os nosos ollos non corren perigo.

Que hai de novo...?

Solucións dos pasatempos



- **CAMBIO DE CATÁLOGO.** Agora é máis visual, sinxelo e permitirá máis xestións das túas lecturas. Accede en: <https://biblioteca-catalogo.dacoruna.gal/>

- **PRÉSTAMO DIXITAL.** Se tamén che gusta ler en dixital, agora todos os usuarios a partir de 9 anos podedes darvos de alta na biblioteca dixital EbiblioDaCoruna. É moi sinxelo, consulta na páxina web www.dacoruna.gal/biblioteca/ebibliodacoruna/ebiblioteca-info

- **A TÚA CONTA DA BIBLIOTECA** incorpora funcionalidades coma avisos, reservas, renovacións, suxestións de compra, historial de préstamos... e máis!. Accede en <https://biblioteca-catalogo.dacoruna.gal/> Identifícate introducindo o carné da biblioteca e o contrasinal. Se aínda non tes un contrasinal, restabléceo en “ingrese na súa conta” premendo en “esqueceu o seu contrasinal?”

- **RECUNCHOS NA BIBLIOTECA** con lecturas refrescantes para o verán.

- **GRAZAS A TODOS/AS OS/AS COLABORADORES/AS DA REVISTA ABACADABRA!** Se aínda non es colaborador/a e che gustaría participar na revista, envía as túas recomendacións de libros, trabalinguas, chistes, adiviñas... ao noso correo biblioteca.infantiljuvenil@dacoruna.gal ou déixaas na Sección Infantil Xuvenil e publicarémolas no próximo número da revista..

A																				
	S			A	L	E	R	T	S	E										
	A	T		T																
	T			E																
	E			N	R															
	L			A	C	O	M	E	T	A										
	I			L																
	T			P																
	E																			E

Adiviña: A letra “e”

Biblioteca Provincial
da Deputación da Coruña
Sección Infantil e Xuvenil
R/Riego de Agua, 37 – 15001 A Coruña
Tfno: 981 415 171

Depósito Legal: C 4802-2008

